



CONCELLO DE REDONDELA

## ANUNCIO

A alcaldesa ditou a resolución núm.: 2020-0652, con data de 11/03/2020, pola que resolveu designar o tribunal cualificador do proceso de selección que se convocou para elaborar unha lista de reserva para a cobertura temporal do posto de xefe/a da Policía Local do Concello de Redondela, na cal se establece o seguinte,

### “RESOLUCIÓN

A alcaldesa ditou a resolución núm.: 2020-0103, con data de 21/01/2020, pola que aprobou as bases que rexerán a lista de reserva para a cobertura temporal do posto de xefe/a da Policía Local.

As bases reguladoras do proceso selectivo que se convocou para elaborar unha lista de reserva para a cobertura temporal do posto de xefe/a da policía local do Concello de Redondela, mediante o sistema de concurso-oposición, publicáronse integramente na sede electrónica, na páxina web ([www.redondela.gal-apartado de emprego público, persoal funcionario](http://www.redondela.gal-apartado-de-emplego-publico-personal-funcionario)) e no taboleiro de anuncios do Concello.

O extracto da convocatoria publicouse no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO) núm.: 16, do 24/01/2020.

O prazo de presentación de instancias de 5 días hábiles iniciouse o día 27/01/2020 e rematou o día 31/01/2020.

A alcaldesa ditou a resolución núm.: 2020-0290, con data de 06/02/2020, pola que aprobou a lista provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso de selección que se convocou para elaborar unha lista de reserva para a cobertura temporal do posto de xefe/a da Policía Local.





A alcaldesa ditou a resolución núm.: 2020-0492, con data de 24/02/2020 pola que designaba o tribunal cualificador do proceso de selección que se convocou para elaborar unha lista de reserva para a cobertura temporal do posto de xefe/a da Policía Local.

A Unión Provincial Pontevedra (CSIF) presentou dous recursos de reposición contra as bases de selección e a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas así contra o tribunal cualificador do antedito proceso de selección, con data de 27/02/2020 e rexistro de entrada neste concello núm.: 2020-E-RE-531 e 2020-E-RE-532.

A alcaldesa ditou a resolución núm.: 2020-0583, con data de 04/03/2020, pola que resolveu suspender o acto de constitución do tribunal cualificador e a proba práctica da fase de oposición do proceso selectivo que se convocou para elaborar unha lista de reserva para a cobertura temporal do posto de xefe/a da Policía Local do Concello de Redondela prevista para o día 04/03/2020 ata a resolución dos recursos e a determinación dunha nova data.

A alcaldesa ditou as resolucións núm.: 2020-0624 e núm.: 2020-0631, con data de 06/03/2020 e 09/03/2020, respectivamente, polas que resolvía os anteditos recursos interpostos por CSIF.

Polo que, logo de ver o anterior e en virtude das competencias que me asigna a lexislación local vixente,

**RESOLVO,**

**PRIMEIRO:** Designar o tribunal cualificador do proceso de selección que se convocou para elaborar unha lista de reserva para a cobertura temporal do posto de xefe/a da Policía Local, que estará integrado polos seguintes





membros:

**PRESIDENTE:**

Titular: Enrique García Silva

Suplente: Lois Alberte Casás Curro

**SECRETARIA:**

Titular: Paloma Meno Rodríguez

Suplente: M.<sup>a</sup> Ángeles García Villaverde

**VOGAL:**

Titular: Cruz Castro Quinteiro

Suplente: Xosé Ramón Mato Lodeiro

**SEGUNDO:** A constitución do tribunal terá lugar o:

DÍA: 23/03/2020

HORA: 09:00 horas

LUGAR: Na Casa do Concello

**TERCEIRO:** As persoas admitidas quedan convocadas para a realización da proba práctica da fase da oposición o:

DÍA: 23/03/2020

HORA: 10:30 horas

LUGAR: Multiusos da Xunqueira, sito no Paseo da Xunqueira, s/n

**CUARTO:** Publicar na sede electrónica, na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello o tribunal cualificador e a data de realización da proba





práctica da fase de oposición deste proceso selectivo.”

## DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE



Cod. Validación: 9RG4HFVWJXJN7DQRAAX7WL | Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4